



VOTOS A FAVOR 3: PGD, VECIÑOS.

VOTOS EN CONTRA 5: PP

ABSTENCIÓNS 5: PSOE, AXP, BNG e CIPA.

Dona Teresa Rey Pazos Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 28 de xaneiro de 2016, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Administracións e entidades públicas de todo tipo deben contar cos factores organizativos que lles permitan satisfacer o dereito dos cidadáns a unha boa administración, que se vai consolidando no espazo europeo, e contribuír ao desenvolvemento económico e social. Entre eses factores o máis importante é, sen dúbida, o persoal ao servizo da Administración.

O sistema de emprego público que permite afrontar estes retos é aquel que fai posible atraer os profesionais que a Administración necesita, que estimula aos empregados para o cumprimento eficiente das súas funcións e responsabilidades, proporcionalles a formación adecuada e bríndalles suficientes oportunidades de promoción profesional, á vez que facilita unha xestión racional e obxectiva, áxil e flexible do persoal, atendendo ao continuo desenvolvemento das novas tecnoloxías.

É elemento fundamental a avaliación do desempeño dos empregados públicos que as Administracións Públicas deben establecer a través de procedementos fundados nos principios de igualdade, objetividade e transparencia. A avaliación periódica deberá terse en conta a efectos da promoción na carreira, a provisión e o mantemento dos postos de traballo e para a determinación dunha parte das retribucións complementarias, vinculadas precisamente á produtividade ou ao rendemento.

A relación de postos de traballo é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e establécense os requisitos para o desempeño do posto, indicando e clasificando os postos de traballo pola súa denominación, a unidade do servizo no que se integra, o centro de traballo específico, o nivel de responsabilidade, condicións específicas ou especiais, a xornada...

Esta RPT debe ser obxecto de publicación e incluír os postos de traballo de funcionarios, laborais e eventuais en cada administración. Para que unha administración pública funcione correctamente, deben coñecerse en todo momento os recursos postos a disposición desta. Iso supón dispoñer dun inventario dos devanditos recursos, sendo aplicable tamén no caso dos Recursos Humanos.

A relación de postos de traballo (RPT) non existe no noso concello en relación co persoal laboral, polo que consideramos imprescindible realizar unha que se adapte ás necesidades reais que actualmente ten o Municipio. A RPT ha de dar resposta aos problemas organizativos e de funcionamento actuais, conforme a iso, determinar que postos son realmente necesarios en cada área.

PROPOSTA

- Dotación presupuestaria e contratación, nun prazo non superior a seis meses dende a data da aprobación desta moción, dunha empresa externa para que se encargue da elaboración dunha Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal do Concello e que se encargue tamén do asesoramento posterior para proceder a execución da mesma.
- Proceder a realizar os trámites precisos, tras a elaboración de RPT, para a súa aprobación e execución no menor prazo posible e non superior a 6 meses.

En Padrón, a 15 de xaneiro de 2015

Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE
PADRÓN**